

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 11 de outubro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día once de outubro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten os deputados *Rafael Domínguez Artime e Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando ámbolos dous a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34248.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 4 de outubro de 2024.

2.34249.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E REDE DE ABASTECEMENTO NA CARBALLEIRA” (Expte.2024058729)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 21/03/2024, mediante rexistro WEB2024018728, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Nigrán na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 287.646,32 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto básico e de execución de construción de campo de fútbol 7 en Rúa Pazos 121. Camos*” (Expdte: 2024020225), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	287.646,32	287.646,32	0,00	0,00

- Da documentación que obra no expediente infírese que os terreos onde se pretende construír o campo de fútbol pertencen a Comunidade de Montes de Camos, e en data 15/04/2024, se lle require, formalmente, ao Concello que acredite a cesión indefinida dos terreos.
- En data 27/08/2024, mediante rexistro WEB2024054280, o Concello achega o decreto 2024-1661, de data 27/08/2024, mediante ao que renuncia a solicitude de subvención co obxecto do financiamento da obra “*Proxecto básico e de execución de construción de campo de fútbol 7 en Rúa Pazos 121. Camos*” (Expte.2024020225)”, dado que, tras varias comunicacións infrutuosas coa Comunidade de Montes, o Concello non acadou a cesión dos terreos co límite temporal que estipulan a bases.
- Por outra banda, en data 28/08/2024, mediante rexistro WEB2024054424, o *Concello de Nigrán* achega o decreto da alcaldía núm. 2024-1663, de 27/08/2024, mediante o que desiste á subvención concedida, por importe de 55.229,88 €, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación de luminarias no parque empresarial Porto do Molle*” (Expte. 2024023452).
- Ao mesmo tempo que o Concello presenta a súa desistencia á subvención concedida co obxecto do investimento “*renovación de luminarias no parque empresarial porto do molle*” (Expte. 2024023452) e súa renuncia á solicitude de subvención co obxecto do financiamento da obra “*Proxecto básico e de execución de construción de campo de fútbol 7 en Rúa Pazos 121. Camos*” (Expte. 2024020225), aporta a documentación relativa á nova obra “*Ampliación da rede de saneamento e da rede de abastemento na Carballeira*” (Expte. 2024058729), que se financiará co crédito dispoñible a favor da entidade municipal tras o rexeitamento e a desistencia debendo, non obstante, co-financiar 49.732,69 €, quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	157.599,69	107.867,00	0,00	49.732,69



- En datas posteriores, o Concello completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/09/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 1/10/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 1/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, unha subvención por importe de 107.867,00 € co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación da rede de saneamento e da rede de abastecemento na Carballeira*” (Expte. 2024058729), cuxo orzamento ascende a 157.599,69 €, debendo aportar a entidade municipal 49.732,69 €
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a renovación da autorización sectorial da Deputación de Pontevedra xunto co acordo (ou a resolución) de aprobación do proxecto e a acta de trazado debidamente cumprimentada.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Nigrán*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.34250.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 2024. (Expte.20240010390)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 21 de maio de 2024 aprobou as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio a realización de actividades culturais, ano 2024.

Segundo. Con data 27 de maio de 2024 publícanse as referidas bases no BOPPO núm. 102 de 27 de maio de 2024, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 01/10/2024, a xefatura do Servizo de Cultura, con data 07/10/2024, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas.

Cuarto. A Deputación de Pontevedra concederá, en réxime de concorrencia competitiva, axudas económicas dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro da nosa provincia para as actividades culturais que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, para:

- *Liña 1:* 250.000, 00 €, para as actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), os festivais, as mostras, os encontros e os certames culturais, ...
- *Liña 2:* 50.000,00 €, para a participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais e intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural fóra da comunidade autónoma de Galicia.

Quinta. A proposta de concesión de subvencións realízase de acordo cos criterios establecidos na base décimo terceira da convocatoria.

Constan no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.



Sexta. Con data 07/10/2024 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: BCFICVPJ7WREO737.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.



Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024 por un importe total de 300.000,00 € con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05, distribuídos do seguinte xeito:

- *Na liña 1:* Aprobar a concesión de subvencións a 188 asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024 e que figuran co CSV: 0HOSU6YS6BUCF3F6, excluindo deste programa un total de 18 solicitudes por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases e que figura co CSV: 07KU5AJGOHB9Z7CC.
- *Na liña 2:* Aprobar a concesión de subvencións a 40 asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024 e que figuran co CSV: 0VUYNZV9XGT4K5MK, excluindo deste programa un total de 4 solicitudes por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases e que figura co CSV: 0JRXDJBBR7X06NQA.

4.34251.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CIRCUITO +ESCÉNICAS.
(Expte.2024040737)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2024, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 do Circuito “+Escénicas” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se publicaron no BOPPO núm. 133 de 9 de xullo de 2024.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes segundo os datos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2023.



Segundo. Segundo o establecido na base décimo sétima da convocatoria, os concellos tiñan de prazo desde o 2 ao 16 de setembro de 2024, ambos incluídos, para presentar as solicitudes de espectáculos con cargo a dito programa.

Terceiro. Tal como figura na base décimo terceira da convocatoria, as actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

A cada concello corresponderalle unha subvención máxima por parte da Deputación de tres mil catrocentos (3.400,00) euros, correspondente á porcentaxe de pago do total de espectáculos solicitados.

As porcentaxes de cofinanciamento do orzamento de cada espectáculo, incluídos en todo caso impostos e necesidades técnicas se así o solicitan, entre a Deputación e os concellos, son as seguintes:

	Deputación	Concello
Concellos de ata 5.000 habitantes	90 %	10 %
Concellos de 5.000 a 10.000 habitantes	80 %	20 %
Concellos de 10.000 a 20.000 habitantes	70 %	30 %

Cuarto. En consecuencia e á vista da presentación de solicitudes por parte de 49 concellos da provincia e de acordo co establecido na base décimo oitava confecciónase o listado co detalle dos espectáculos programados por cada concello, que figuran no expediente con CSV: HYEHBHNO1DSR2B6X e establécese o importe total a aboar pola Deputación en cada caso e que figura no expediente con CSV: FRCWHIRGTBGSQG4Q.

Quinto.- Visto o informe favorable de Intervención de data 7 de outubro de 2024 con CSV: P8J63XGYHIL10NUT

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.



- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia, aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, coas súas posteriores modificacións.
- Bases reguladoras para o ano 2024 do Programa “+Escénicas” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 133 de 9 de xullo de 2024)

Segundo.- A competencia para a aprobación das actuacións autorizadas a cada concello da provincia corresponde á Xunta de Goberno, tal como se recolle na base décimo sexta da convocatoria.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a relación dos espectáculos programados dentro do Circuito +Escénicas en cada concello da provincia de menos de 20.000 habitantes, que figuran no expediente con CSV: HYEHBHNO1DSR2B6X, establecendo o importe total a aboar pola Deputación en cada caso e que figura no expediente con CSV: FRCWHIRGTBGSQG4Q.

5.34252.- APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (Expte.2023076185)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 03.10.2024, (CSV: PO3BRQ28CK1YWGQI),co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA

OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a viabilidade de tramitar unha addenda ao Convenio de colaboración suscrito no seu día entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, durante o ano 2024.

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro do ano 2024, aprobou o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, durante o ano 2024, asinado previamente o 29 de decembro de 2023 por cuestións orzamentarias.



Segundo. O 1 de outubro de 2024 a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación económica coas Entidades Locais remite por correo electrónico o borrador da addenda ao citado Convenio na que se propón unha redistribución dos importes das aplicacións orzamentarias das Direccións Xerais de Emerxencias e Interior e de Defensa do Monte da Xunta de Galicia, sen que en ningún caso supoña unha modificación da contía total do convenio.

Esta redistribución ten por obxecto a adecuación do financiamento en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais dos servizos municipais de Pontearreas e Sanxenxo ao establecido para o resto destes servizos de emerxencia nos convenios de colaboración subscritos coas outras Deputacións Provinciais; deste xeito, a achega realizada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior se destina integramente ao financiamento dos gastos de persoal dos servizos municipais de Pontearreas e Sanxenxo e a achega da Dirección Xeral de Defensa do Monte se dirixe exclusivamente aos gastos dos grupos de emerxencia supramunicipais en materia de prevención e extinción de incendios, conforme ao seguinte detalle:

Dirección Xeral	Importe convenio	Importe addenda	Diferenza
Dirección xeral de Emerxencias e Interior (DXEI)	252.100,00 €	304.500,00 €	52.400,00 €
Dirección Xeral de Defensa do Monte	52.400,00 €	0,00 €	-52.400,00 €

O Anexo II, CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES, modifícase no reparto dos custos de financiamento correspondentes aos Servizos Municipais de emerxencias de Pontearreas e Sanxenxo, quedando como segue:

ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

Zona	Sede/subsede	Comp.	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	CM Rural Extinción	CM Rural Prevención
Servizo municipal Pontearreas	Pontearreas	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	126.050,00 €	15.750,00 €	26.200,00 €	0,00 €
Servizo municipal Sanxenxo	Sanxenxo	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	126.050,00 €	15.750,00 €	26.200,00 €	0,00 €



E o Anexo X, DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO, modifícase no reparto dos custos, quedando como segue:

ANEXO X – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO - ANO 2024

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	Deputación Provincial	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal GES	986.000,00 €	184.875,00 €	1.170.875,00 €	1.042.025,00€			1.042.000,00€	2.212.875,00 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	102.000,00 €	19.125,00 €	121.125,00 €		252.100,00 €	133.875,00 €	385.975,00 €	507.100,00 €
Total	1.088.000,00 €	204.000,00 €	1.292.000,00 €	1.042.025,00 €	252.100,00 €	133.875,00 €	1.428.000,00 €	2.720.000,00 €

Terceiro. Tendo en conta que a addenda proposta non afecta a aspectos substanciais do convenio no que se refire á Deputación de Pontevedra- nin na súa vertente xurídica nin económica- e unha vez consultados os Servizos de Secretaria e Intervención, non se considera necesario someter novamente a informe a citada modificación, xa que logo o resto do convenio non varía respecto ao aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro do ano 2024.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a tramitación da addenda proposta pola Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación económica coas Entidades Locais ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais durante o ano 2024, nos termos expostos.”

Á vista do exposto, en aplicación da base 16.2.c) das aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais durante o ano 2024, cuxo teor literal se contén no documento referenciado co Código de verificación electrónica CSV:PTPB5PIO75D1S98X.

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización da mencionada addenda mediante a súa sinatura.



6.34253.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO POR TRAMITACIÓN DE URXENCIA, CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024” (Expte. 2024053612)

Resultando.- Que dende o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida, participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, dándolle un especial apoio e protección.

Neste senso, a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, pon en marcha este novo programa que promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Resultando.- Que a execución do programa require de dotación de persoal especializado, planificación das saídas, etc., que xustifica a necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a súa xestión e desenvolvemento, por carecer esta institución dos medios materiais e humanos requiridos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).



Resultando.- Que con data 03 de maio de 2024, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aprobou as bases reguladoras do programa “Lecer en familia 2024” destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, tramitándose o expediente 2024028041, para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución de dito programa.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, aproba o expediente, sendo enviado o anuncio de licitación á Oficina de publicacións da Unión Europea con data 01 de xullo de 2024, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas, sendo este declarado deserto ao non existir ningunha oferta presentada no prazo.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 13/08/2024 e CSV: 8SACAJUMPR9RLEML, a xefa do servizo de Benestar Social, emite informe no que, co visto e prace da deputada delegada, propón a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024”, no que se ofertan estadias dunha noite de fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra de mínimo de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión, para un máximo de 2.957 prazas, destinado ás persoas que cumpran os requisitos especificados. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación (CSV: GO0HVUIHCN6LVOZV).

Na referenciada providencia xustifícase a tramitación urxente do expediente do artigo 119 LCSP pola declaración do procedemento anterior como deserto (expediente 2024028041) ao non existir ningunha oferta presentada en prazo, a pesares de existir empresas interesadas na licitación, as cales manifestaron atoparse con dificultades polas condicións esixidas nos pregos. Asemade, sinala que existen prazos que, de non cumprirse poderían xerar consecuencias negativas significativas, tanto en termos económicos coma na calidade de vida da cidadanía á que vai dirixida o programa.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 20 de agosto de 2024, adoptou o acordo: “9.34142.- *Aprobación do expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “LECKER EN FAMILIA 2024”.*”

Resultando.- Que o anuncio de licitación desta contratación enviouse ao DOUE con data 21/08/2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/08/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 12 de setembro de 2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando admitir as seguintes empresas:

- VIAJES HALCON S.A.U. (CIF: A10005510).
- NAUTALIA VIAJES, S.L. (CIF: B86049137).



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas que resultan admitidas.

Os valores ofertados polas empresas admitidas constan no certificado da Mesa de Contratación (CSV: 94KJBVN3SVXFKCL2).

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación obtidas polas empresas son as seguintes:

HALCÓN VIAJES, S.A.U.	NAUTALIA VIAJES, S.L.
68,008	64,453

Resultando.- A Mesa de Contratación na súa reunión de data 19 de setembro de 2024 procedeu a clasificar as ofertas admitidas e, en base a dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa HALCÓN VIAJES, S.A.U. (CIF: A10005510), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Por Resolución Presidencial nº 2024007481 de data 24/09/2024, requírese á empresa Viajes Halcón S.A.U. para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Viajes Halcón S.A.U. presenta a documentación requirida (REX_ WEB2024061252 de data 01/10/2024) , entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 13.967,39 € que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202400209705.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais.

Considerando.- Que conforme o artigo 153.3 LCSP, a formalización do contrato non se poderá efectuar antes do transcurso do prazo de 15 días hábiles desde que notifique a adxudicación por ser susceptible de recurso especial en materia de contratación, regulado no artigo 44 desta lei. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do



artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada por tramitación de urxencia, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2024*” á empresa Viajes Halcón S.A.U. (CIF:A-10005510), polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

1.- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	HOTEL CARLOS I SILGAR - SANXENXO	4	90,80 €
2	GRAN TALASO HOTEL SANXENXO	4	90,80 €
3	HOTEL BIENESTAR MOAÑA	4	90,80 €
4	HOTEL ALDA CARRIL	4	90,80 €
5	HOTEL COIA VIGO	4	90,80 €
6	HOTEL PAZO O RIAL VILAGARCIA	4	90,80 €
7	HOTEL NUEVO ASTUR & SPA	3	90,80 €
8	HOTEL RIAS BAJAS PONTEVEDRA	3	90,80 €
9	HOTEL BAHIA BAYONA	3	90,80 €
10	HOTEL SERCOTEL TRES LUCES	3	90,80 €
11	HOTEL ALDA CASTELAO VILAGACIA	3	90,80 €
12	HOTEL REST PONTIÑAS LALIN	3	90,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS TOTAL ESTABLECEMENTOS			90,80 €



Polo tanto, o prezo unitario das prazas na totalidade dos establecementos queda como segue:

- O prezo unitario das prazas dos maiores de 12 anos é de 90,80 euros.
- O prezo unitario das prazas dos menores de 3 a 12 anos (ambos inclusive) será de 45,40 euros (50% do prezo das prazas dos maiores de 12 anos).
- As prazas dos nenos de 0 a 2 anos son gratuítas.

2.- Agasallo serigrafiado para as familias participantes: Oferta agasallo serigrafiado.

3.- Oferta establecementos de 4 ou máis estrelas: 6 establecementos

4.- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados: Oferta 11 establecementos ou máis.

5.- Oferta de actividades complementarias: Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.

6.- Concurso de fotografía para as familias participantes: Oferta concurso de fotografía con premio dunha estancia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

Financiación: A aprobación do gasto realizarase polo orzamento que financia a Deputación Provincial, que é o seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/231.2311.227.07	178.960,00 €

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral por un importe máximo de 174.420,00€, conforme o seguinte:

Achega da Deputación (por praza)		Total financiación Réxime Xeral
Maiores de 12 anos	60,00€	174.420,00 €
Entre 3 e 12 anos (ambos inclusive)	30,00€	-
Menores de 3 anos	GRATIS	-

- 50 prazas de réxime especial, as subvencionará polo 100% do prezo unitario medio ofertado pola praza de adulto (maiores de 12 anos), o que resulta un importe de 4.540,00€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adjudicación a contía que subvenciona a Deputación de Pontevedra.



O prazo de duración do programa será de 8 meses, contados dende a data de formalización do contrato, estimándose a execución do programa en 4 meses (entre o cuarto trimestre do ano 2024 e o primeiro trimestre do ano 2025).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será nos meses de tempada baixa, no período arriba referenciado.

Con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

-Forma de pagamento: Parcial (mensual):

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra a factura presentada mensualmente, a través do rexistro da Deputación provincial de Pontevedra, necesariamente nos primeiros 15 días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do servizo de Benestar Social, acompañada dunha memoria individual coas estadías de cada fin de semana do mes vencido asinada pola persoa responsable do programa, cos apartados indicados no PPT e na que deberán constar os datos e documentación seguinte:

- Relación de persoas participantes, establecemento de destino, datas de entrada e saída, menús ofrecidos, etc.
- Orixinais das transferencias bancarias nas que conste o nome das persoas participantes (con indicación de se son persoas adultas e maiores de 12 anos, menores de 3 a 12 anos ou menores de 0 a 2 anos), a cantidade aboada, a data e o establecemento de destino segundo o caso, ou xustificante que acredite o pago efectivo segundo o recollido neste prego.
- Informe de incidencias e medidas correctivas adoptadas si as houbera.

Presentada dita documentación correctamente, serán aboadas as facturas previo informe favorable ou conformidade do responsable da unidade administrativa receptora ou supervisora do traballo ou, no seu caso, do responsable designado polo órgano de contratación, de conformidade coa normativa vixente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024053612	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

7.34254.- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DO CENTRO CULTURAL DE FOZARA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2024 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL (Expte.2023075714)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén unha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoiem o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 30 de xaneiro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2024 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 22 de 31 de xaneiro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2024. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 31 solicitudes e a exclusión de 32 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación do Centro Cultural de Fozara (Expediente 2024011783) presenta renuncia ao curso de *Administración electrónica: certificado electrónico, DNI electrónico, cl@ve*.



Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2024, sendo a Asociación DOA Saúde Mental (Vigo), con CIF G36044295, a situada de primeira na lista de agarda.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar informada da renuncia presentada pola *Asociación do Centro Cultural de Fozara* (CIF:G94044500) e nº de expediente 2024011783.
2. Adxudicar á Asociación Doa Saúde Mental (CIF G36044295) e nº de expediente 2024014368, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2024.

8.34255.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2024066431)

Vista a relación de facturas con número 2024066431, que contén 17 facturas e por un importe de 48.863,53€ e con CSV: W4S1EGHB5ZXYK4A, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 03/10/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	48.492,32€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	371,21€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	48.863,53€



9.34256.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26 DE XULLO DE 2024 (NÚM. 7.34080) EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA PARA O PROGRAMA ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE POIO: CULTURA 365. (Expte. 2024035001)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión do 26 de xullo de 2024, aprobou no acordo 7.34080, a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04 do vixente Orzamento provincial, correspondéndolle ao Concello de Poio a cantidade de 7.773,68 euros para o programa “*Actividade de dinamización lingüística do Concello de Poio: Cultura 365*”.

Con data 11/09/2024 e número de rexistro WEB2024057493 presentan escrito polo que debido as necesidades de execución da “*Actividade de dinamización lingüística do Concello de Poio: Cultura 365*”, precisase a ampliación do prazo de implementación durante o cuarto trimestre do ano 2024, mantendo integramente a finalidade da axuda e sen danar os dereitos de terceiras persoas, modificando exclusivamente a periodización inicial (dos meses de setembro- outubro 2024) ao período de implementación final establecido durante os meses (outubro- decembro 2024), para levar a cabo a totalidade da actividade subvencionada durante o período do 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Visto o informe favorable de Intervención para levar a cabo dita modificación, con CSV: M07ZDMNW319SA0WR a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo, cambiando exclusivamente a periodización inicial (dos meses de setembro- outubro 2024) ao período de implementación final establecido durante os meses (outubro- decembro 2024), permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

10.34257.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26 DE XULLO DE 2024 (AÚM. 7.34080) EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA PARA O PROGRAMA ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DO VERÁN CULTURAL DE SALVATERRA DE MIÑO. (Expte. 2024034945)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión do 26 de xullo de 2024, aprobou no acordo 7.34080, a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04 do vixente Orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de 2.599,99 euros para o programa “*Actividades Dinamizadoras do verán cultural de Salvaterra de Miño*”.



Con data 05/09/2024 e número de rexistro WEB2024056516 presentan escrito no que manifestan que as actividades previstas que inicialmente estaban programadas para a época estival non poderán realizarse nesa época debido a que recentemente recibimos a resolución de dita subvención.

Visto o informe favorable de Intervención para levar a cabo dita modificación, con CSV: 0KO5MMIRG3SQIL0Y a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo, cambiando exclusivamente a programación inicial actuando a compañía de contacontos O Censor de Monstros o día 14 de decembro e o grupo musical Ollo Piollo o día 21 de decembro, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

11.34258.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

12.34259.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

13.34260.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

